

XULLO 2021

CIRCULAR 286

A close-up photograph of two hands, one appearing older and more wrinkled than the other, clasped together in a supportive grip. The image is overlaid with a semi-transparent purple filter.

MÁIS CERCA

COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Xunta de Goberno



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria / Coordinadora co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

ÍNDICE

5	Información Xeral
11	Información das Seccións
15	GIPCE
16	Grupo de Tráfico e da Seguridade
17	Comisión de Ética e Deontoloxía
20	Cursos, Xornadas e Congresos



Editorial

25 anos sostendo emocións nas emerxencias galegas

Este 2021 cúmprense 25 anos do xermolo que deu lugar ao Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Nacía como a Comisión de Protección Civil, tras evidenciarse os prexuízos ocasionados pola ausencia dun enfoque psicolóxico en dúas importantes situacións de emerxencia: o embarrancamento do Casón en 1987 e os sismos na zona de Becerreá, en Lugo, en 1995.

Sobre aquelas bases que construíron un grupo de psicólogos e psicólogas de diversos ámbitos de intervención (da clínica, da intervención social, da educativa, das organizacións...) foise definindo un proxecto ambicioso, no que se implicou a Administración galega coa sinatura do primeiro convenio en maio de 1997. A partir de aí, grazas á formación, ao adestramento e ao compromiso de moitos colexiados e colexiadas que se implicaron neste grupo, foi medrando o que a partir de 2004 se constituíu como GIPCE.

Unha evolución que pasou dun rol de asesoramento profesional á Administración en situacións de emerxencia a alcanzar a entidade dunha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz en situación de emerxencia e catástrofe en calquera punto de Galicia todos os días do ano as 24 horas do día.

As emerxencias son as cicatrices da nosa historia máis recente. Algunhas son profundas feridas que nos conmocionaron no seu momento, como o accidente do tren Alvia en 2013, a caída do globo aerostático en Santiago de Compostela en 2004 e, máis

recentemente, a explosión dunha pirotecnia ilegal en Tui. Pero son máis de 250 intervencións ao longo deste cuarto de século: 25 anos sostendo as emocións das persoas que atravesan un dos momentos máis difíciles da súa vida.

O GIPCE é a garantía dunha asistencia integral, de calidade, nas emerxencias galegas, que ten probada a súa eficacia ao longo de todo este tempo. Un conxunto de Colexiados e Colexiadas que desde o seu compromiso profesional, cunha vocación de servizo á sociedade, interveñen xunto con outros equipos de profesionais para reducir o impacto destas experiencias, tanto coas persoas afectadas, como cos propios intervinientes.

E tamén supón o claro exemplo da utilidade social da psicoloxía, estando ao servizo das persoas e das comunidades nun momento dramático, no que en tan só un intre todo cambia. A actuación do GIPCE, integrado dentro dos protocolos de activación do 112, ao longo de tantos anos nas meirandes emerxencias, así como nas máis pequenas que nos pasan desapercibidas, facilitou a proxección social da profesión, no seu conxunto, como un servizo esencial neste tipo de situacións.

Para o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é un motivo de orgullo contar cun equipo de profesionais tan comprometidos que forman parte do GIPCE, ou que pasaron por este grupo sumando e construíndo algo moito maior. Os nosos parabéns por este importante aniversario e o agradecemento por levar tan lonxe a psicoloxía.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, informa de que:

- Acudiu á reunión telemática do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, celebrada o día 30 de xuño.
- Acudiu ao evento presentación do informe sobre a brecha de xénero na discapacidade, organizado desde o Grupo Social ONCE, celebrada en modalidade telemática o 17 de xuño.
- Asistiu á xuntanza telemática da Xunta de Goberno e a Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología e tamén á reunión de Psicofundación, celebradas o día 26 de xuño.
- Mantivo unha xuntanza co director xeral de Xustiza, Juan José Martín, para tratar sobre a situación da mediación familiar intraxudicial en Galicia o día 2 de xullo.
- Asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos e Mediadores 2021, organizado desde Unión Profesional de Galicia, do que o COPG forma parte, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o día 2 de xullo.



M^a Rosa Álvarez Prada



Presentación da Guía de Peritos e Mediadores

En representación do colexio

■ O vogal da Sección PTO e membro da Directiva da División PTORH, José Luis Domínguez Rey, participou durante o mes de abril en dúas reunión telemáticas, para abordar, entre outros, temas relacionados con proxectos presentados, a acreditación profesional e a intervención no próximo Congreso Nacional de Psicología.

■ A suplente no Consello Sectorial de Inclusión Social da Coruña, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu en representación deste Colexio á sesión extraordinaria, celebrada na Coruña o 18 de maio. Ademais, o 3 de xuño asistiu ao webinar do Consejo General de la Psicología co título «El papel de la psicología de la Intervención Social en tiempos de Covid. Perspectivas futuras».

■ A vicesecretaria do COPG, Alejandra Fernández Rodríguez, participou nunha reunión virtual o 21 de maio, xunto con outros colexios profesionais, para abordar a rede de tratamento de condutas aditivas nas Unidades de Asistencia a Drogodependencias de Galicia.



José Luis Domínguez Rey



Leonor Galiana Caballero



Alejandra I. Fernández Rodríguez

■ O presidente da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á reunión da División Profesional de Psicología do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH), celebrada o día 11 de xuño vía online.

■ A coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines, asistiu á reunión da Comisión Galega de Protección Civil, que tivo lugar día 15 de xuño vía online.



José Eduardo Rodríguez
Otero

■ O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, José Eduardo Rodríguez Otero, asistiu á reunión dos vogais representantes da Área de Psicoloxía Clínica e da Saúde do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 18 de xuño vía online.

O COPG lembra a importancia de coidar o aspecto psicolóxico na seguridade viaria

Con motivo da conmemoración da Semana Mundial da Seguridade Viaria, auspiciada pola Organización das Nacións Unidas, que nesta edición se enmarca dentro da campaña #Love30, en defensa dunhas contornas urbanas máis humanas e reclamando a redución da velocidade máxima de circulación dos vehículos a 30 quilómetros por hora. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sumámonos a esta iniciativa Streets for Life, e facemos énfase na importancia de que as áreas urbanas sexan máis seguras, saudables, verdes e habitables.



Streets for Life

Love30

Programa formativo para novos colexiados e colexiadas

Desde a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deseñamos un programa específico de acompañamento para os novos colexiados e colexiadas, orientado ás necesidades que poden ter os psicólogos e psicólogas que inician a súa actividade profesional, o Programa Limiar. Neste programa inclúense encontros de acollida, así como actividades formativas específicas.

Formación dirixida ao
inicio da práctica
profesional da psicología

Programa Limiar

Programa do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia dirixido ás
psicólogas e psicólogos que se inician na práctica profesional.



As actividades desenvolvéronse a través da plataforma ZOOM, son gratuítas e están abertas a todos os colexiados e colexiadas, se ben teñen prioridade as persoas colexiadas entre 2020 e 2021.

O día 17 de xuño tivo lugar o webinar sobre aspectos éticos e legais da práctica psicolóxica e este xoves día 1 de xullo celebrouse un segundo webinar sobre cuestións fiscais e laborais das consultas de psicología.

Aviso en relación ao Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios

Recentemente, o Ministerio de Sanidade está enviando unha mensaxe por correo electrónico aos centros sanitarios desde o enderezo reps@mscbs.es, co asunto «INFORMACIÓN SOBRE EL REGISTRO ESTATAL DE PROFESIONALES SANITARIOS (REPS)».

Este correo é auténtico e procede do Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios (REPS) e vai dirixido ás persoas titulares de centros sanitarios para que comuniquen os datos dos/as profesionais sanitarios/as que traballan en cada centro.

Proclamación definitiva de resultados X. D. Psicoloxía Educativa do COPG

En cumprimento do disposto no Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía Educativa, comunícase aos membros da Sección os resultados do proceso electoral:

Con data 22 de xuño de 2021, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

Manuela del Palacio García
(G-3628), presidenta

Ana María Ulloa Lage
(G-1118), vicepresidenta

M. Asunción Teijeira Bautista
(G-1246), secretaria

María Begoña Castro Iglesias
(G-3093), tesoureira

Nuria Lago Fernández
(G-3639), vogal

Concepción López Martín
(G-2981), vogal

Carolina Tinajero Vacas
(G-1467),vogal



Imaxe da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa



«Falamos, ciclo de experiencias compartidas»

«Falamos, ciclo de experiencias compartidas do COPG», conta cun espazo propio na web no que xa están compartidos os vídeos dos webinars celebrados no que vai de ano: falamos.copgalicia.gal

Este ciclo é un espazo para compartir aprendizaxes e experiencias entre os colexiados e colexiadas, un punto de encontro para a profesión. Mediante esta iniciativa da Vogalía de Formación, estase a organizar un webinar con carácter mensual no que se poderán presentar programas, estudos, investigacións, publicacións, casos clínicos, comunicacións...

A intención é dar máis visibilidade ao traballo que realizades tantas persoas colexiadas e que o Colexio sirva como plataforma para impulsar e amplificar o voso labor.

Animámoste a que presentes algunha proposta neste foro que está a ter lugar o primeiro xoves de cada mes ás 20:00 h.

XI Edición do Premio Psicofundación Mozos/as Psicólogos/as Emprendedores 2021

Psicofundación convoca a XI Edición do Premio Psicofundación Mozos/as Psicólogos/as Emprendedores 2021, co patrocinio da Facultade de Psicoloxía UNED, Centro de Enseñanza Superior Cardenal Cisneros, Universidad Camilo José Cela, Universidad Nebrija, Facultad de Psicología de la Universidad Complutense de Madrid, Giuntieos Psychometrics e TEA Ediciones, en cola-

boración co Consejo General de la Psicología de España (COP) e a Federación Iberoamericana de Agrupaciones y Colegios de Psicología (FIAP).

Desde PSICOFUNDACIÓN preténdese apoiar as personas que dentro da Psicoloxía poñan o seu esforzo en desenvolver novas ideas, novos ámbitos de aplicación, novas técnicas, ou novas formas de ver as solucións.

A través do [seguinte enlace](#) podes acceder ás bases de participación do premio.



Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducíense os enlaces de acceso ás mesmas.

Redes sociais

 [Facebook](#)

 [Twitter](#)

 [Instagram](#)

 [LinkedIn](#)



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

QUE NON TE LIÉN

PSICOLOXÍA: AS COUSAS CLARAS

- ★ A psicoloxía exerceña **só** os psicólogos e psicólogas.
- ★ Por moi creativas que soen outras denominacións de profesións ou de terapias alternativas, non son **psicoloxía**: o perfil profesional que coida a túa saúde mental con **garantías científicas e profesionais** é o da psicoloxía, e a **colexiación** é a mellor maneira en que ti podes comprobalo.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada Sección, Comisión ou Grupo de Traballo do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Purificación Alberte Iglesias

Ligazón a
Psicoloxía
Educativa

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Formación

A Sección de Educativa do Copg organizou o pasado mes de abril, a Xornada formativa «A diversidade sexual na adolescencia de hoxe», impartida polas relatoras María Lameiras Fernández e M^a Luisa Abad Abad.

María Lameiras Fernández é Licenciada (1987) e doutora (1994) en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, Catedrática da Universidade de Vigo na área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, na especialidade de Estudos de Xénero e sexualidade. Investigadora principal do grupo PT1 da Universidade de Vigo «Saúde, sexualidade e xénero» desde 1996.

M^a Luisa Abad Abad é Licenciada en Pedagogía pola Universidade de Barcelona. Mestra en Educación Infantil e Primaria. Asesora de Formación Permanente de Educación Infantil e de Coeducación durante nove anos no CEFORE de Vigo. Orientadora escolar en Secundaria.

A xornada impartíuse en modalidade online o 24 de abril, de 10:00 a 12:00 horas e foi coordinada por Manuela del Palacio García (G-3628) e Ana María Ulloa Lage (G-1118).

Dita xornada centrouse na análise do carácter construído da identidade sexual, así como en cuestionar a heteronormatividade, recoñecendo a diversidade de identidades. Ademais, procurouse determinar como integrar dita diversidade na vida cotiá, para que o acoso homóforo e tránsforo deixen de ser unha realidade.


Agradecemento

Este mes de xuño tivo lugar a marcha da compañeira Purificación Alberte Iglesias, vogal da Sección de Educativa durante os últimos oito anos. En nome de todas as compoñentes desta Sección, queremos trasladarlle o noso agradecemento pola súa adicación e entrega ao longo destes anos.

SECCIÓN DE PSICOLOGÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Encontro Interterritorial de PTORH

A División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) celebrou o pasado 11 de xuño o Encontro Anual Interterritorial coas vogalías representantes da área de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos dos respectivos Colexios autonómicos. Ao longo da sesión de traballo, que se desenvolveu telematicamente, presentouse o plan estratéxico da División, fíxose unha posta en común das temáticas e liñas de actuación levadas a cabo polos distintos colexios autonómicos ao longo dos últimos anos, e abordouse a redifusión do certificado EuroPsy especialista en PTO, entre outros asuntos.



Precisamente, con relación ao certificado EuroPsy especialista en PTO, a última edición do Programa de Formación Continuada a Distancia (FOCAD) do Consejo General de la Psicología de España (COP) inclúe un curso sobre os «Procesos de Supervisión para a certificación EuroPsy especialista en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO)», elaborado por Luis Barbero Hernández, Director Management Information de Qfor, Gloria Castaño Collado, Profesora do Departamento de Psicoloxía Diferencial e do Traballo da Universidade Complutense de



Madrid, e Elena Gutiérrez Sánchez, Coordinadora do Grupo de Traballo en Psicoloxía, Formación e Desenvolvemento de Persoas do Colegio Oficial de la Psicología de Madrid. Ademais, de presentar o funcionamento xeral, as características principais e os requisitos para obter a acreditación, o curso afonda nas ferramentas de supervisión, de retroalimentación e seguimento e, especialmente, nas competencias necesarias para o exercicio da labor de supervisión. O documento base complétase con dúas fichas: a primeira recolle os aspectos éticos da profesión e a segunda esquematiza a supervisión das competencias. Este curso, ademais, foi aprobado como mérito formativo para a obtención das acreditacións nacionais do COP e é completamente gratuíto. As persoas interesadas poden acceder a el a través da seguinte ligazón: <https://www.focad.es>

V Congreso Nacional de Psicología

A Sección PTO foi convidada a participar no *V Congreso Nacional de Psicología e International Symposium on Public Health Psychology*, organizado polo Consejo General de la Psicología de España (COP) e Psicofundación, que se desenvolveu en liña entre os días 9 e 11 de xullo. Carlos Montes Piñeiro, presidente da Sección de PTO, participou como relator no simposio «Saúde psicolóxica laboral nas organizacións», no que presentou o relatorio «O mundo do traballo a través da COVID-19: Recursos institucionais do COPG para organizacións



e profesionais». O simposio, coordinado por Manuel Vilches Nieto, vogal da División de PTORH, completouse coas intervencións de María Pilar Del Pueblo López sobre «A organización e o traballo como recurso positivo para o afrontamento en situación de adversidade», Alfredo Pacheco Torralva sobre «Prácticas organizacionais positivas para previr o esgotamento emocional dos profesionais», e Isabel Aranda García sobre «Saúde psicolóxica laboral». Para máis información pode consultarse a páxina Web do congreso: <https://www.cnp2021.es>

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas formar parte da Sección, ponte en contacto co COPG. Temos moitos proxectos por emprender conxuntamente!

Ligazón
a P.T.O.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Actividades formativas

A Sección de Psicoloxía da Intervención Social promoveu a actividade «Tendendo pontes entre a teoría e a práctica», coordinada por Cristina Gómez Román (USC), onde os alumnos e alumnas do Máster de Intervención Social, expuxeron os resultados dun estudo DAFO aplicado a diversas entidades con fins sociais, e que se desenvolveu o 14 de abril na Facultade de Psicoloxía da USC.

Ademais, impartíuse a actividade formativa «As historias alternativas en violencia de xénero. Prácticas útiles para a atención psicolóxica nos CIM» por parte de Montserrat Plaza i Aleu, os días 16 e 30 de abril.

Ligazón a
Intervención
Social

25 aniversario do GIPCE

Durante o mes de xuño os membros do GIPCE-COPG e GI-112 recibiron os materiais conmemorativos que se fixeron polo 25 aniversario do GIPCE.

Ao longo deste ano continuaremos divulgando a través de outras actividades o traballo realizado polo GIPCE ao longo destes 25 anos de historia.

Actividades

_ O 29 de maio Leonor Galiana Caballero impartiu o curso «Intervención psicolóxica en emerxencias» dirixido a colexiados/as do COPG.

_ Os días 26 de maio e 2, 11 e 14 de xuño, M^a Carmen González Hermo impartiu catro seminarios formativos para especialistas dos Equipos de Orientación Específicos de Galicia, orientadores e equipos directivos sobre a abordaxe das condutas autolesivas, a ideación suicida e as situacións de crise dende os centros educativos.

_ Entre o 9 e o 16 de xuño, José Ramón García Gómez impartiu o curso «Detección e Intervención en Trastorno por Estrés Postraumático» dentro da formación continuada da Axencia en Coñecemento e Saúde (ACIS) dirixida a profesionais sanitarios do SERGAS.

_ Dentro da formación interna para os membros do GIPCE, o 26 de xuño celebrouse o Curso de «Atención Psicolóxica Telefónica en crisis suicidas», coordinado por Lorena Nieto Iglesias e impartido por Pedro Martín-Barrajón, psicólogo especialista en condutas suicidas e Responsable da Área de Emerxencias e da Rede Nacional de Psicólogos para a Prevención do Suicidio en Psicólogos Princesa 81.

Formación

O día 12 de xuño realizouse a sesión formativa: «Tratamento clínico das fobias: amaxofobia, protocolo e casos prácticos». A proposta tivo unha moi boa acollida achegándose ao cento de asistentes.

Reunión do grupo

Tras a formación realizouse a reunión do Grupo informando de todas as cuestións realizadas desde a anterior e recollendo propostas, entre as que destacamos a idea de Pepe Lamas de constituír un grupo de traballo que elabore unha proposta para ofrecer aos Concellos charlas sobre a nova mobilidade.

En relación ao tema da intervención na amaxofobia, valorouse moi positivamente o grande interese suscitado pola proposta formativa e informouse de que se tratará na Comisión a forma de continuar a través do Subgrupo de traballo ca organización de reunións de maneira máis ampla que inclúa os/as compañeiros/as con interese para primeiro continuar realizando seguimento e postas en común dos casos tratados, así como seguir desenvolvendo a mellor forma de abordaxe desta alteración complexa no contextual.

Acreditación de tráfico e da seguridade

O Consejo General de la Psicología acordou ampliar a vía extraordinaria para solicitar a Acreditación de experto en Psicología do Tráfico e da Seguridade ata o 11 de maio do 2022.

Tamén se colaborou coa ca DGT na campaña de concienciación do uso do cinto, na que participou unha colexiada do COPG, da participación en diversos medios de comunicación, así como no programa Seguridad Vital da TVE.

Lembra que podes inscribirte no Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, así como na División de Psicología do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología.

AMAXOFOBIA

Medo a conducir?

PODEMOS AXUDARCHE

Somos profesionais da Psicología



Sobre a actuación dos/as profesionais da psicoloxía tras a modificación do artigo 156 do Código Civil polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

Ante as dúbidas plasmadas ante a Comisión de Ética e Deontoloxía, este órgano desexa facer unhas matizacións sobre a última modificación do artigo 156 do Código Civil, en relación coas obrigas deontolóxicas dos e das profesionais da psicoloxía.

Como xa sabemos, a norma xeral é que a decisión sobre a saúde dos menores recae na patria potestade, que na maioría dos casos é compartida (unha cousa é a patria potestade e outra a garda e custodia). **A regra xeral é, polo tanto, que para este tipo de decisións deban consentir e ser informados ambos proxenitores.**

O Decreto-Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero incorporou un segundo parágrafo no artigo 156 do Código Civil: *«Ditada unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabilidade penal ou iniciado un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual dos fillos e fillas comúns menores de idade, ou por atentar contra o outro proxenitor, bastará o consentimento de este para a atención e asistencia psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, debendo o primeiro ser informado previamente...»*


¿Que quere dicir isto? Que mentres se cumpran os requisitos establecidos no parágrafo, **o proxenitor investigado xudicialmente ou condenado vese privado do dereito de opoñerse á intervención psicolóxica das fillas e fillos menores en común.** Recordemos que a partir dos 16 anos, salvo falta de madurez, as persoas non necesitan autorización paterna nin materna para a atención psicolóxica.



Os requisitos principais para ampararse nesta excepción incorporada sobre o consentimento de ambos proxenitores, dos que xa informara o COPG con anterioridade, a modo de resumo serían os seguintes:

1. Que existan fillas e fillos en común.
2. Que un dos proxenitores teña aberto un procedemento penal ou sexa condenado por un dos delitos descritos no artigo. Non basta unha mera denuncia, senón que ten que existir unha actuación xudicial (adopción medidas provisionais, apertura dilixencias...).
3. Que se utilice só para atención psicolóxica, non é válido para avaliacións de corte pericial.

Ao igual que na situación de divorcio, onde este Colexio vén defendendo que a obriga de informar e obter o consentimento do proxenitor non presente (o que non pide a intervención) recae no proxenitor que si a pide, e o demostra mediante unha declaración xurada á psicóloga ou psicólogo peticionado, concorde o artigo 25 do Código Deontolóxico da Psicología, posto que tamén está relacionado co artigo 156 do Código Civil, o que debe facer o/a profesional ao que se lle indique que se está dentro da excepción da necesidade de consentimento dun dos proxenitores por atoparse dentro do suposto do parágrafo 2



ASESORÍAS



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

do artigo 156 do Código Civil, non principio, de boa fe, e mentres non exista ningún indicio de dúbida sobre a veracidade do relatado polo proxenitor peticionante da atención vén sendo o mesmo: **declaración xurada de que ten un procedemento penal aberto por algún dos delitos descritos ou que está condenado**, co compromiso de que, **de cambiar as circunstancias, avisará inmediatamente** ao/á profesional para proceder co protocolo de patria potestade compartida en caso de separación ou divorcio.

Isto é froito de varios motivos: o principal, é que na atención psicolóxica como regra xeral (salvo atoparnos no suposto do artigo 13 da Lei Orgánica de Protección do Menor), é dicir, que se apreciamos risco para o menor estamos obrigados a dar traslado do mesmo ás autoridades pertinentes, a intervención psicolóxica non ten un corte avaliativo, senón que partimos da veracidade do relatado, sobre todo pola/o/s menor/es, polo principio de minimización de datos e confidencialidade imposto pola normativa de protección de datos e polo propio Código Deontolóxico da Psicoloxía, e tamén pola falta de coñecementos de interpretación de sentenzas, autos, dilixencias e demais por parte dos profesionais da Psicoloxía.

Recordamos, xa para finalizar, se na primeira sesión ou ao longo da intervención, xorden **dúbdas sobre a veracidade** do relatado polo proxenitor peticionante, **debemos ser máis proactivos**, por exemplo, pedir que nos demostre a situación mediante a documentación pertinente ou cun certificado do propio xulgado.



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de formación externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO «POTENCIANDO OS NÓSOS RECURSOS DESDE A PSICOLOXÍA EDUCATIVA»

Data: 18 de setembro de 2021

Modalidade: online, plataforma de Teleformación do COPG

Organiza: Sección de Psicoloxía Educativa

CURSO «PRESENZA DE SEGURIDADE»

Data: 1, 2, 3 de outubro, 7 de novembro,
10, 11, 12 e 28 de decembro

Modalidade: online, plataforma de Teleformación do COPG

Organiza: Quenda de Garda Especializada e Permanente en
Violencia de Xénero

CURSO «MENORES EN SITUACIÓN DE TRANSEXUALIDADE: UNHA MIRADA SEXOLÓXICA»

Data: 1 e 2 de outubro de 2021

Modalidade: online, plataforma de Teleformación do COPG

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde



25 Años sostendo emocións na emerxencia

1996 – 2021 Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

«SERVIZOS AOS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA COLEXIADOS E COLEXIADAS»

Publicacións informativas, servizo de préstamo de material e fondo documental.

- Circular Informativa.
- Cadernos de Psicoloxía.
- Material de avaliación psicolóxica.
- Servizo de biblioteca na sede do COPG e da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Información sobre seguros e ofertas para os profesionais da psicoloxía colexiados e colexiadas.

- Seguro de responsabilidade civil coa correduría Broker's 88 a través de Markel, para a contratación do seguro máis económico.
- Seguro de vida e accidentes de saúde con MAFPRE.
- Seguro de asistencia sanitaria con ASISA E SANITAS.
- 10% de desconto nos aloxamentos de:
TusCasasRurais.com,
Hoteliuss Club e Oca Hoteis.

Oferta formativa, emprego e servizos profesionais.

- Programa formativo anual con axuda ás persoas desempregadas.
- Información laboral, distribución de ofertas formativas e información de convocatoria de oposicións.



COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

MÁIS CERCA





Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 19.00 h
Venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

Os meses de xuño e setembro
De luns a mércores de 8.00 a 19.00 h
Xoves e venres de 8.00 a 15.00 h

Xullo e agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 [Facebook](#)

 [Twitter @copgalicia](#)

 [LinkedIn](#)

 [Instagram](#)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 287 e sairá a principios do mes de outubro de 2021.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de setembro de 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno do COPG, desde 2020 a Circular Informativa só se enviará en formato dixital.



autocoidado.copgalicia.gal

AUTOCOIDADO

Espazo de Autocoidado do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Cando non sei
que facer, paro e
respiro

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia





FALAR
DOS TEUS
MEDOS
NON É TABÚ,
É A VIDA



Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

FALAMOS?

Pon a túa saúde só en mans de profesionais.